



**AGUAS  
CORCUBION - CEE, S.L.**



**SR. PRESIDENTE MANCOMUNIDADE  
COMARCA DE FISTERRA**

**15124 MUXIA**

Corcubión, 10 de xaneiro de 2023

Sr. Presidente:

Por motivo das obras do Tanque de Tormentas en Cee, a rede de transporte de auga potable procedente do encoro de Santa Uxía ten que desviarse . Para a execución dos traballos resulta necesario o corte do subministro en toda a rede de transporte, o vindeiro xoves 12 de xaneiro.

Neste corte veranse afectados os usuarios das zonas altas de Cee ( alto da Armada, muelle de Brens, Estorde ) e Corcubión ( Vilar, Quenxe, Oliveira, Amarelle ) así como os das zonas de San Martiño, Denle, San Salvador, Hermedesuso e Sardiñeiro no municipio de Fisterra, ao careceren estes núcleos dun depósito regulador. Polo contrario, as zonas abastecidas dende os depósitos de cola de Dumbría e Fisterra, non percibirán sensiblemente o corte do subministro.

Os traballos iniciaranse a partires das 07.00 h ata a súa finalización estimada ás 21.00 h. do mesmo día 12 de xaneiro.

Moi atentamente.



**AGUAS  
CORCUBION - CEE, S.L.**